



Guía Docente				
Datos Identificativos			2022/23	
Asignatura (*)	Mecánica		Código	730G05018
Titulación	Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Naval e Industrial			
Coordinación	Ramil Rego, Alberto	Correo electrónico	alberto.ramil@udc.es	
Profesorado	Ramil Rego, Alberto	Correo electrónico	alberto.ramil@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo xeral é o desenvolvemento das destrezas e actitudes necesarias para a aplicación dos principios fundamentais da mecánica á resolución de problemas de interese na enxeñaría. Abórdase a estática, cinemática e dinámica do punto material, dos sistemas e do sólido ríxido dende a formulación newtoniana e dende a formulación lagrangiana. Esta materia contribuirá á mellora da capacidade de análise e de construción de modelos matemáticos que describen os efectos das forzas e os movementos sobre unha gran variedade de estruturas e máquinas incorporando as hipóteses físicas e as aproximacións matemáticas axeitadas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A13	Coñecemento da mecánica e dos compoñentes de máquinas
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como leigo
B5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprenderen estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer e comprender a cinemática do sólido ríxido, e ser quen de aplicar a composición dos movementos.		A13	B2 B4 B5
Coñecer e comprender o método dos traballos virtuais e do potencial para a súa aplicación na resolución dos problemas de estática.		A13	B2 B4 B5
Coñecer e comprender as leis da dinámica, tanto na formulación vectorial como na analítica		A13	B2 B4 B5

Contidos	
Temas	Subtemas
Cinemática do sólido ríxido. Composición de movementos.	
Estática: método dos traballos virtuais e do potencial.	



Dinámica de sistemas: formulación vectorial e analítica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A13 B4 B5 B2 B4 B5 C1 C1	21	21	42
Traballos tutelados	A13 B2 B4 B5 C1	3	51	54
Solución de problemas	A13 A13 B4 B5 B4 B5 C1 C1	21	21	42
Proba mixta	A13 B2 B2 B4 B5 C1	10	0	10
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición na aula dos distintos temas nos que se desenvolven os contidos da materia incluíndo demostracións, exemplos, exercicios...
Traballos tutelados	Traballo individual deseñado para promover a aprendizaxe autónoma. O tema incluírá a aplicación dos coñecementos desenvolvidos na materia pero tamén poderá incluír aspectos non tratados nas clases maxistras para desenvolver a capacidade de investigación e auto aprendizaxe.
Solución de problemas	
Proba mixta	Proba escrita que consta de preguntas de diferente tipo (resposta curta, ensaio, exercicios ou problemas) sobre os contidos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Recoméndase a cada estudante que acuda ás titorías pra recibir unha orientación personalizada sobre os métodos de resolución dos problemas, dificultades, dúbidas, etc., na resolución dos problemas así como nos conceptos desenvolvidos nas clases maxistras e todas as dúbidas que poidan encontrar na preparación das probas de avaliación. No traballo tutelado existe o deber de asistir a un mínimo de entrevistas de titorización. Estas entrevistas teñen como obxecto definir o contido do traballo e o seu alcance, así como comprobar o progreso do mesmo. Esta atención levarse a cabo nas horas de titorías (6h/semana) publicado na web da UDC. Quen teña dispensa académica poderá solicitar a realización das titorías nun horario diferente ao publicado na web da UDC.
Traballos tutelados	
Sesión maxistral	
Solución de problemas	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba mixta	A13 B2 B2 B4 B5 C1	As catro probas mixtas terán carácter de avaliación continua polo que en cada proba se incluírán os contidos de todas as anteriores. O peso de cada proba será 10%, 20%, 30% e 40%, respectivamente do total da proba mixta. As datas destas probas serán as que figuren no calendario da planificación do curso publicado polo centro.	80
Traballos tutelados	A13 B2 B4 B5 C1	O traballo será de carácter individual e penalizarase a copia de resultados ou do método utilizado. Cada estudante deberá entregar o seu informe no prazo establecido e asistir ás titorías obrigatorias no calendario establecido. En caso de non cumprir estas condicións o traballo puntuarase como 0.	20

Observacións avaliación

Soamente se cualificará como NON PRESENTADO quen non concorra a ningunha das probas mixtas.

Admítese a dispensa académica nos termos establecidos no punto 5 do artigo 7º da "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na universidade da Coruña", aprobada polo Consello Social do 04/05/2017. Polo tanto, quen teña recoñecida a dispensa académica avaliarase en primeira oportunidade utilizando o mesmo sistema que o resto do alumnado, é dicir, traballo tutelado 20% + proba mixta 80%.

Na 2ª oportunidade non será posible a avaliación continua polo que a cualificación do traballo será a recibida na 1ª oportunidades e a proba mixta consistirá nunha única proba que se realizará na data establecida para a proba final no calendario de exames do centro.

Na convocatoria adiantada non existe posibilidade de realizar o traballo tutelado polo que se realizará unha única proba mixta, na data establecida pola dirección do centro, que supoñerá o 100% da cualificación.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso 0 na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación para a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Bastero de Eleizalde, José María / Casellas Roure, Joaquín / Bastero de Eleizalde, Carlos (2011). Curso de Mecánica. EUNSA - Meriam, James L. / Kraige, L. G. (2000). Mecánica para Ingenieros. Reverté - CARLOS F. GONZALEZ FERNANDEZ (2003). Mecánica del sólido rígido. Ariel - LIBROS DE PROBLEMAS: SPIEGEL, M.: "Teoría y Problemas de Mecánica Teórica". McGraw-Hill - CARRIL, R.D., FANO, J.: "Mecánica. Problemas Explicados". Jucar (1987) - MESHERSKI, I.: "Problemas de Mecánica Teórica". Mir 2ªed (1985) - LUMBROSO, H.: "Problemas resueltos de mecánica?". Reverté (1986) - ESTELLÉS, H: "Problemas de Dinámica". UPV 2ªed (1989) - SEELY, ENSIGN: "Mecánica Analítica para Ingenieros". UTEHA 3ªed (1992) - KOTKIN, SERBO: "Problemas de Mecánica Clásica". MIR 2ª ed (1988) - WELLS, D. A.: "Teoría y Problemas de Dinámica de Lagrange". McGraw-Hill
Bibliografía complementaria	- Prieto Alberca, Manuel (1994). Curso de mecánica racional.. Aula Documental de Investigación - Fernández-Rañada, Antonio (1990). Dinámica clásica.. Alianza - Goldstein, Herbert (2002). Classical Mechanics.. San Francisco : Addison Wesley

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Matemáticas 1/730G05001

Física 1/730G05002

Matemáticas 2/730G05005

Física 2/730G05006

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Ecuacións diferenciais/730G05011

Materias que continúan o temario

Hidrodinámica naval/730G05023

Estruturas mariñas 1/730G05025

Estruturas mariñas 2/730G05026

Vibracións e ruídos/730G05031

Mecánica de fluídos/730G05019

Hidrostática e estabilidade/730G05020

Observacións

En consonancia coas recomendacións do GREEN CAMPUS, débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías